

# PROXECTO LINGÜÍSTICO

CEIP LABARTA POSE DE BAIÓ



XANEIRO 2017

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. MARCO LEGAL .....	3
3. ANÁLISE SOCIO-LINGÜÍSTICA DO CENTRO E DO SEU CONTORNO ....	4
3.1. A situación lingüística das familias e alumnado .....	5
3.2. A situación lingüística do profesorado .....	7
3.3. A situación lingüística do centro .....	8
4. OBXECTIVOS .....	9
4.1. Xerais .....	9
4.2. Específicos .....	9
5. LINGUA NO ENSINO .....	10
5.1. Educación infantil .....	10
5.2. Educación primaria .....	11
6. ACTUACIÓNS DINAMIZADORAS .....	12
7. O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	12
8. CRITERIOS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO.....	15
8.1. Seguimento .....	15
8.2. Criterios de avaliación .....	15
8.3 Certificado aprobación.....	16
ANEXOS .....	17-35

## 1. INTRODUCCIÓN

A lingua constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade, considerándose patrimonio cultural e obxecto de especial respecto e protección.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como a lingua propia de Galicia, e determina que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

En virtude do disposto no artigo 14, punto 2, do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica, o equipo directivo designou unha comisión integrada polos membros que a continuación se relacionan encargada da redacción do proxecto que aquí se presenta:

- Dona Tamara Lema Rodríguez, mestra especialista en audición e linguaxe e coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro.
- Dona Nerea Pastoriza Amado, mestra titora de 4º de Educación Infantil.
- Dona Susana Pereiro Lema, mestra titora de 5º de Educación Infantil.
- Dona Patricia Oanes Mato, mestra titora de 6º de Educación Infantil e coordinadora desta etapa.
- Dona M<sup>a</sup> Jesús López Añón, directora do centro e mestra de apoio na etapa de Educación Infantil.
- Dona Sandra Lema Ozón, mestra titora de primeiro de Educación Primaria.
- Dona Carmen Infante Cal, mestra titora de segundo de Educación Primaria.
- Dona Marta Canto Souto, secretaria do centro e mestra especialista en Educación Física.
- Dona Laura Mosquera Villar, mestra especialista en Inglés.

## 2. MARCO LEGAL

Para a elaboración deste Proxecto a Comisión tivo en conta a lexislación que de seguido se cita:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, (DOG do 14 de xullo).
- Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio de 2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Decreto 374/96, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos centros de educación infantil e primaria, (DOG do 21).
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regula a organización e funcionamento dos centros de infantil e primaria, (DOG do 2 de setembro).

Este Proxecto realízase coa convicción de que a adquisición de varias linguas nunca resulta un problema para o alumnado, senón que é unha riqueza que, posteriormente, influirá de xeito favorable na adquisición doutras linguas. Os nenos e as nenas non só poden facilmente aprender máis dun idioma, senón que as aprendizaxes que incorporan a unha delas vanas transferindo dun xeito espontáneo á outra ou outras, de maneira que se dá unha frutífera interdependencia.

## 3. ANÁLISE SOCIO-LINGÜÍSTICA DO CENTRO E DA SÚA CONTORNA

Os habitantes da localidade de Baio, en xeral, e os da área de influencia do Centro, en particular, son maioritariamente galego falantes ao igual que os do Concello de Zas, consecuentemente, a realidade lingüística do centro ten como indicador que a maioría do alumnado usa preferentemente a lingua galega, en detrimento do castelán que se atopa en situación minoritaria.

Esta análise sociolingüística que presentamos neste estudo, está baseada na observación e no tratamento da información derivada dunha enquisa realizada ao longo do primeiro trimestre do curso 2016/17 sobre o emprego do galego por parte dos alumnos e alumnas de Educación Primaria e de Educación Infantil e na pregunta sobre a lingua materna realizada ás familias de 4º de Educación Infantil, no momento de realizar a matrícula cada curso.

Estes datos obtidos corroboran o que xa era coñecido: a característica principal do noso centro e o seu contexto é o emprego maioritario da lingua galega por parte das familias e por parte dos alumnos/as.

A maioría dos alumnos son galego falantes, con todo, se temos en conta a lingua dos adultos o emprego da lingua galega vai diminuindo nas xeracións máis novas. Así, os pais falan máis o galego que os pequenos e os avós e avoas máis ca os seus fillos.

Os modelos de enquisas utilizados están recollidos no ANEXO 1.

O resumo das respostas aportadas en cada unha destas enquisas figuran no ANEXO 2, especificando as súas respectivas porcentaxes.

### **3.1. A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DAS FAMILIAS E ALUMNADO**

A enquisa realizada foi contestada pola gran maioría das familias correspondentes aos 150 alumnos/as do centro.

Dos resultados das enquisas podemos deducir o seguinte:

1. O galego é a lingua de implantación no 70% do alumnado.  
Existe tamén unha porcentaxe significativa, sobre un 16%, que manifestan que aprenderon a falar usando o castelán e o galego por igual.  
Un 10% do alumnado tivo como lingua vehicular a lingua castelán e existe unha porcentaxe mínima de aprendizaxe da fala noutras linguas.
2. Actualmente o galego segue sendo o preferente en uso. No 51,14% dos fogares o galego é a lingua exclusiva e soamente no 13,5% dos fogares predomina o castelán. Así, o 52,14% dos alumnos e alumnas fala galego e o 9,2% falan con predominio do castelán.

3. Respecto a lingua usada polas familias tamén é maioritario o galego aínda que hai perdas de galego falantes nas novas xeracións. Así, mentres que o 67,5 dos avós falan exclusivamente galego, esta porcentaxe baixa ao 57.14% por parte dos pais e nais.
4. O dato sobre se a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece é contundente, xa que en torno a un 85% está totalmente de acordo, así como en que saber unha das dúas linguas oficiais da nosa comunidade non impide saber falar, entender e en definitiva dominar a outra. Tamén coinciden as familias en sinalar que todos os galegos deberíamos dominar a lingua castelán e a galega con porcentaxes un pouco superiores para o galego pero que probablemente se xustifique posto que é a lingua de maior uso na localidade. Outro dato relevante é que un 67.14% das familias está de acordo con que o uso do inglés sería moi positivo en outras áreas. En definitiva, podemos concluír que as familias do centro son conscientes da riqueza que ofrecen as linguas no proceso de ensino aprendizaxe.

A variedade lingüística reflectida nas enquisas recollidas pode visualizarse nos seguintes cadros:

LINGUA NA QUE APRENDEU A FALAR O NENO/A	GALEGO	GALEGO/ CASTELÁN	CASTELÁN	NOUTRAS	NULAS
	70%	16,42%	10%	2,14%	2,14%

Lingua utilizada...	NA CASA	POLO NENO/A	NAIS E PAIS	AVÓS/AVOAS
SÓ CASTELÁN	0%	0%	1,4%	0%
PREDOMINA O CASTELÁN	13,5%	9,2%	11,4%	2,8%
CASTELÁN E GALEGO POR IGUAL	12,8%	12,1%	8,5%	7,1%
PREDOMINA O GALEGO	14,2%	24,2%	15%	13,5%
SÓ GALEGO	57,1%	52,1%	57,1%	67,8%
OUTRAS	0%	0,7%	0,7%	1,4%
NULAS/SEN RESPOSTA	2,8%	2,1%	1,4%	1,4%

UNS GALEGO E OUTROS CASTELÁN			5,7%	6,4%
---------------------------------	--	--	------	------

### 3.2. A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO PROFESORADO

Coñecer o perfil sociolingüístico do profesorado é esencial para definir os obxectivos e as medidas que deseñamos no Proxecto, pois será o encargado de aplicar a maioría delas. A participación do profesorado nas enquisas foi do 100%.

A competencia comunicativa nas linguas oficiais do profesorado é boa, pois feita a análise da súa situación formativa na lingua galega obtivéronse os resultados que se detallan a continuación.

- Respecto a lingua galega o 23,52% cualifica a súa capacitación en moi alta, o 64,70% do profesorado considera que ten un nivel alto de coñecemento da nosa lingua e un porcentaxe baixo do 11,76% do profesorado do centro considera que a súa capacitación é media.
- En relación a actitude de mellorar a competencia e capacitación axeitada na lingua galega o 35,29% do profesorado mostra unha disposición total para este fin. Coincide en porcentaxe unha disposición boa e moderada con un 29,41%.
- En canto ao castelán un 76,4% considera que ten unha capacitación alta para empregar esta lingua na actividade docente e un 23,52% moi alta capacitación.

Sen embargo, as porcentaxes cambian de forma significativa, respecto a competencia e capacitación para o emprego de outras linguas na actividade docente. Soamente o 5,8% do profesorado anota unha alta competencia fronte a 23,5% e o 70,5 que a recoñecen como media e baixa respectivamente.

A situación sociolingüística e actitudinal respecto do galego, recollida da enquisa aplicada ao efecto, é a seguinte:

- Lingua habitual do profesorado fóra do contorno educativo: predomina o uso do galego nun 41,17% fronte ao 17,64 do profesorado que predomina o uso do castelán na súa comunicación. Ademais, un 35,29 emprega de forma exclusiva o galego.

- No centro educativo un 76.47% expresa que utilizan maioritariamente o galego, un 11,76% empregan castelán e galego por igual e un 5,8% emprega exclusivamente o galego. Esta última porcentaxe tamén para o profesorado que se comunica noutras linguas.
- O 100% do profesado está plenamente convencido de que a lingua galega debe ser fomentada socialmente. Así mesmo un 85,32% está completamente de acordo en que o ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua, o 11,76% considera que pode axudar e un 5.8% non comparte esta visión.
- O 100% do profesorado está completamente de acordo que a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece.
- A maioría do profesorado considera que o alumnado do centro non é igual de competente en galego que en castelán, nin ten o mesmo dominio oral e escrito das dúas linguas. Un 58,82% do profesorado considera que o alumnado non usa indistintamente as dúas linguas nin fai a mesma valoración delas.

A lectura destes datos lévanos á conclusión de que non hai, en principio, por parte do profesorado, ningún tipo de atranco para o ensino da lingua galega no noso centro e mesmo para a adopción doutras medidas que puidesen incrementar esta presenza.

### **3.3. A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO**

A presenza que ten a lingua galega na vida do centro, fóra da que ten nas actividades docentes, podémola concretar nos seguintes aspectos:

- Presenza da lingua galega en toda a documentación administrativa: documentación interna, arquivos, comunicacións, convocatorias, avisos, certificados, actas de reunións, oficios, regulamentos, follas informativas, etc.
- Emprego da lingua galega na documentación económica: recibos, facturas,
- Nos inventarios, balances, documentos contables, etc.



- Na rotulación interna e externa do centro, horarios, taboleiros de anuncios, carteis, calendarios, catalogación da biblioteca, catalogación de material audiovisual, etc.
- En todos os documentos de planificación educativa, como son: o proxecto educativo, os proxectos curriculares, a programación xeral anual, as programacións didácticas, as adaptacións curriculares, os proxectos de innovación e calidade, etc.
- Nos documentos de control: memoria anual de centro, boletíns de notas, expedientes do alumnado, informes de avaliación, etc.
- Emprego da lingua galega nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e coas institucións.
- Presenza da lingua galega na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Emprego da lingua galega nas comunicacións da ANPA.
- Dotación de fondos en galego na biblioteca escolar.

## **4. OBXECTIVOS**

### **4.1. OBXECTIVOS XERAIS**

- Conseguir que o alumnado, ao remate da etapa de educación primaria, posúa unha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar.
- Conseguir a paulatina familiarización cunha lingua estranxeira e a súa utilización en situacións de comunicación sinxelas e significativas para o alumnado.

### **4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Fomentar o uso xeneralizado, tanto a nivel oral como escrito, da lingua propia do país, e reforzar a dimensión comunicativa do galego en diversos contextos.
- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua galega, e incrementar a asociación de valores positivos á lingua galega que a fagan percibir como lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.

- En xeral, potenciar en toda a comunidade educativa as actitudes positivas cara o uso da lingua galega.
- Adquirir por todo o alumnado unha boa competencia tanto en galego como en castelán.
- Fomentar a coexistencia harmónica e respectuosa entre as dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Fomentar o respecto e recoñecemento das outras linguas oficiais da península.
- Recoñecer as linguas como unha riqueza cultural e un patrimonio histórico que é necesario conservar.
- Impulsar o hábito lector nas distintas linguas do currículo oficial e desenvolver a comprensión lectora do modo máis harmónico e eficaz posible.
- Fomentar o emprego de textos na súa lingua orixinal, sempre que isto sexa posible.
- Promover a creación literaria a partires das fontes da inspiración popular.
- Fomentar a aprendizaxe das linguas estranxeiras desde o primeiro curso do segundo ciclo da etapa de educación infantil.

## **5. LINGUAS DO ENSINO**

### **5.1. EDUCACIÓN INFANTIL**

Tal como recollen a Orde do 25 de xuño do 2009 que regula a implantación, desenvolvemento e avaliación da etapa de educación infantil o profesorado utilizará a lingua materna maioritaria entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios desta etapa.

En relación a isto, o decreto 79/2010 indica que terá carácter informativo o resultado da pregunta que se efectuará aos pais/nais antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo/a.

Tendo en conta o ditado pola lexislación e que a lingua da contorna é o galego, potenciarase o emprego do castelán entre o alumnado con diferentes actividades como contacontos, adiviñas, trabalinguas, cancións, vocabularios, refráns...

## 5.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

O artigo 6 do decreto 79/2010 establece que na etapa de Educación Primaria garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia. Impartirase en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural e en castelán a materia de Matemáticas. Cada centro decidirá a lingua en que se impartirán o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúan na mesma porcentaxe de horas semanais.

Atendendo á lexislación, no centro as materias que se impartirán en galego castelán e inglés distribúense do seguinte xeito:

CURSO	GALEGO	CASTELÁN
1º CURSO	E.M., Relixión/Valores Sociais e Cívicos	E.F., Plástica
2º CURSO	E.M., Relixión/ Valores sociais e Cívicos	E.F.. Plástica
3º CURSO	E.M., Relixión/ Valores sociais e Cívicos	E.F.. Plástica
4º CURSO	E.M., Relixión/ Valores sociais e Cívicos	E.F.. Plástica
5º CURSO	E.M., Relixión/ Valores sociais e Cívicos	E.F, Plástica
6º CURSO	Cidadanía, Relixión/ Valores sociais e Cívicos	E.F.

**Nota: No 6º curso de E.P. plástica será impartida en inglés**

## 6. ACTUACIÓNS DINAMIZADORAS.

Desde o equipo directivo, departamento de orientación, equipo de dinamización da lingua galega, así como das demais coordinacións dos equipos docentes, propiciarase todo tipo de actuacións dinamizadoras que favorezan o coñecemento, uso e práctica das distintas linguas, entre as que cabe sinalar:

- Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes, prestando especial atención aos materiais relacionados coas TICS.
- Realización de visitas culturais e educativas para participar en actividades organizadas desde o centro, o concello ou outros organismos.
- Crear espazos para a exposición de materiais que se vaian facendo nas diferentes aulas.
- Realizar publicacións que recuperen informacións sobre tradicións da zona (cancións, relatos orais...)
- Confección e edición en formato dixital ou en soporte papel da revista escolar e outras publicacións.
- Realización de actividades relacionadas co xogo tradicional.
- Desenvolvemento de actividades arredor das festividades típicas galegas: Magosto, Entroido, Maíos...
- Celebración da Semana das Letras Galegas e do Día do Libro.
- Realización de actividades apoiadas no uso das novas tecnoloxías así como actividades creadas polo alumnado usando estas tecnoloxías.
- Presentación de libros na biblioteca editados nos distintos idiomas ao longo do curso escolar.
- Relación cos EDLG doutros centros para realizar actividades conxuntas e intercambiar experiencias.

## 7. O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) deste Centro, ven a funcionar ininterrompidamente desde o curso 1990-1991, que foi cando foron

creados ditos equipos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a fin de promocionar o uso do galego nos centros docentes.

Desde o primeiro curso da súa existencia, o EDLG desenvolveu un amplo e variado conxunto de actividades. Seguindo esta tradición as liñas xerais da súa actuación para os vindeiros cursos escolares desenvólvense a través das seguintes actividades:

- Organización do festexo do Samaín e Magosto.
  - Organización da “Mostra de Cabazas”, onde o alumnado coa axuda das súas familias traerá ao centro unha cabaza decorada, que formará parte dunha exposición. Envíanse ás familias dípticos informativos en galego sobre como tallar unha cabaza. Danse agasallos a todos os participantes.
  - A biblioteca será decorada de forma terrorífica e faranse diversas actividades nela.
  - Gozaremos dunha sesión de xogos populares relacionados con este tema e degustación de castañas. Para iso faremos uso da nosa Oca-Samaín, sendo axeitado renovar con algunha casilla ou xogo.
- Colaboración en actividades do nadal
  - Elaboración dun calendario anual.
  - Trípticos con recomendacións de lectura específicos para cada nivel educativo.
- Organización da celebración do Entroido.
  - Elaboración nas aulas dos disfraces que se determinen, ademais dunha comparsa polas rúas de Baio en colaboración coa ANPA do centro e o Concello.
  - Seguindo a tradición galega, na nosa escola tamén teremos o noso Meco particular, que dará os seus mandatos durante a semana de festexo do Entroido.
- Organización das actividades relacionadas coa Semana das Letras Galegas.
  - Organización do Certame Literario Labarta Pose.
  - Organización do Festival das Letras Galegas.

- Coincidindo co festexo do día de Internet nas aulas elaboración e/ou difusión de material para traballar nas aulas o autor homenaxeado no día das Letras Galegas.
- Fincapé na motivación de Enrique Labarta Pose, autor polo que o noso colexio leva o seu nome.
- Colaboración nunha mostra de teatro infantil e xuvenil en colaboración con máis centros e o grupo de Teatro Badius.
- Colaboración en distintas actividades co equipo de Tics.
  - Creación, actualización e mantemento da páxina web do centro e dos blogs de aula. Mantemento do blogue Agueiro.
- Colaboración co equipo de dinamización da biblioteca nas diferentes actividades que se van a levar a cabo no centro:
  - Ampliación do fondo bibliográfico en galego.
  - Asistencia ao centro de contacontos e escritores.
  - Colaboración na organización e posta en práctica dos proxectos que se realizan dende este equipo.
- Realización impresa da revista escolar “Faíscas”.
- Participación nos diferentes concursos que fomenten o uso do idioma galego e/ou da cultura galega dependendo das ofertas que aparezan ao longo do curso.
- Canalizar a participación dos grupos que o desexen no “Certame de “Teatro Intercentros” organizado pola Deputación de A Coruña.
- Realización da Carreira pola Lingua, coincidindo cunha proba cultural.
- Celebración do día de internet con elaboración de material do autor homenaxeado.
- Celebración dos Maios coa creación de coplas por parte do alumnado.
- Participación en Voz Natura.
- Acondicionar o patio de infantil pintando e engadindo xogos tradicionais.
- Organización de talleres para a recuperación de oficios típicos galegos.
- Participación nas actividades promovidas polo Concello de Zas e realización de todas aquelas actividades axeitadas que xurdan o longo do curso.

## **8. CRITERIOS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO**

### **8.1. SEGUIMENTO**

Ao longo de cada curso escolar, ao finalizar cada trimestre, farase unha autoavaliación do Proxecto Lingüístico do Centro para comprobar os éxitos e as deficiencias detectadas e promover as melloras que procedan.

### **8.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

No mes de xuño, na memoria anual, recollerase a avaliación do Proxecto que se efectuará tendo en conta os seguintes criterios:

- Consecución dos obxectivos propostos.
- Análise das actualizacións dinamizadoras levadas a cabo.
- Valoración do grao de implicación dos membros da comunidade educativa.
- Análise dos materiais e recursos empregados.
- Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas.
- Valoración da incidencia do Proxecto na comunidade educativa.

## 9. CERTIFICADO DE APROBACIÓN

Dona Beatriz Romero Gómez, Xefa de Estudos e secretaria en funcións do CEIP Labarta Pose de Baio-Zas.

CERTIFICA:

Que o presente Proxecto Lingüístico do Centro foi aprobado polo Claustro nos seus aspectos pedagóxicos e polo Consello Escolar do Centro, reunidos ambos órganos en sesión ordinaria celebrada o día 24 de xaneiro de 2017.

Baio, (data)

Vº e Prace

A Directora

A Secretaria

Asdo.: M<sup>a</sup> Jesús López Añón

Asdo.: Marta Canto Souto



# ANEXOS

**ENQUISA PARA OS/AS PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS.****1. En que lingua aprendeu a falar o/a voso/vosa fillo/a?**

Castelán	Galego	Nas dúas	Noutras
----------	--------	----------	---------

**2. Que lingua se fala habitualmente na vosa casa?**

Só castelán	Predomina o castelán	Castelán e galego por igual
Predomina galego	Só galego	Outras

**3. Que lingua usa habitualmente o/a voso/vosa fillo/a?**

Só castelán	Predomina o castelán	Castelán e galego por igual
Predomina galego	Só galego	Outras

**4. Que falan habitualmente vostedes?**

Só castelán	Predomina o castelán	Castelán e galego por igual
Predomina galego	Só galego	Outras
Uns galego e outros castelán		

**5. Que falan habitualmente os avós do/a neno/a?**

Só castelán	Predomina o castelán	Castelán e galego por igual
Predomina galego	Só galego	Outras
Uns galego e outros castelán		

**6. Valora cun círculo:**

1. Ben
2. Regular
3. Mal
4. Nada

O/a neno/a fala galego.	1	2	3	4
O/a neno/a entende galego.	1	2	3	4

**7. Valora cun círculo:**

1. Completamente de acordo.
2. Bastante de acordo.
3. Indiferente.
4. Bastante en desacordo.
5. Completamente en desacordo.

Nº	ENUNCIADO	VALORACIÓN				
1	A adquisición de dúas ou máis linguas enriquece.	1	2	3	4	5
2	Saber galego non impide falar castelán	1	2	3	4	5
3	Saber castelán non impide falar galego.	1	2	3	4	5
4	Non fala castelán porque é moi difícil.	1	2	3	4	5
5	Non fala galego porque é moi difícil.	1	2	3	4	5
6	Non fala galego porque non ten con quen.	1	2	3	4	5
7	Non fala castelán porque non ten con quen.	1	2	3	4	5
8	Todos os galegos deberíamos falar ben o castelán.	1	2	3	4	5
9	Todos os galegos deberíamos falar ben o galego.	1	2	3	4	5
10	Gustaríame que o meu fillo/a tivese un maior dominio do galego.	1	2	3	4	5
11	Gustaríame que o meu fillo/a tivese un maior dominio do castelán.	1	2	3	4	5
12	Considero excesivo a presenza do galego na escola.	1	2	3	4	5
13	O uso do galego na escola é escaso.	1	2	3	4	5
14	O uso do inglés noutras áreas é positivo.	1	2	3	4	5
15	O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua.	1	2	3	4	5
16	Todos os galegos deberíamos falar ben en galego e castelán.	1	2	3	4	5




## **ENQUISA PARA O PROFESORADO**




- **Lingua empregada habitualmente fóra do contorno educativo.**
  1. Só castelán
  2. Predomina o castelán
  3. Castelán e galego por igual
  4. Predomina o galego
  5. Só galego
  6. Outra (s)
- **Lingua empregada habitualmente no centro educativo.**
  1. Só castelán
  2. Predomina o castelán
  3. Castelán e galego por igual
  4. Predomina o galego
  5. Só galego
  6. Outra (s)
- **Capacitación persoal para empregar o galego na actividade docente.**
  1. Moi baixa
  2. Baixa
  3. Media
  4. Alta
  5. Moi alta
- **Capacitación persoal para empregar o castelán na actividade docente.**
  1. Moi baixa
  2. Baixa
  3. Media
  4. Alta
  5. Moi alta
- **Capacitación persoal para empregar outra lingua na actividade docente.**
  1. Moi baixa
  2. Baixa
  3. Media
  4. Alta
  5. Moi alta
- **Disposición persoal para facer cursos de reciclaxe e actualización, co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada.**
  1. Ningunha
  2. Pouca
  3. Moderada
  4. Boa




5. Total
  - **Valoración dos seguintes enunciados xenéricos rodeando cun círculo a opción elixida, tendo en conta a seguinte escala:**
    1. Completamente en desacordo
    2. Bastante en desacordo
    3. Indiferente
    4. Bastante de acordo
    5. Completamente de acordo

Nº	ENUNCIADO	VALORACIÓN				
1	En Galicia debería usarse mais o galego.	1	2	3	4	5
2	A adquisición de dúas ou mais línguas enriquece.	1	2	3	4	5
3	O uso do galego establecido na lexislación vixente educativa é escaso.	1	2	3	4	5
4	O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua.	1	2	3	4	5
5	Existe material audiovisual suficiente en galego.	1	2	3	4	5
6	A lingua galega debe ser fomentada socialmente.	1	2	3	4	5
7	O alumno do centro é igualmente competente en galego que en castelán.	1	2	3	4	5
8	O alumnado ten igual dominio oral do galego que do castelán	1	2	3	4	5
9	O alumnado ten igual dominio escrito do galego que do castelán.	1	2	3	4	5
10	Usan indistintamente as dúas linguas.	1	2	3	4	5
11	O alumnado fai a mesma valoración tanto do galego como do castelán.	1	2	3	4	5




# RESULTADOS DA ENQUISA DAS FAMILIAS


































# RESULTADOS DA ENQUISA DO PROFESORADO



### Capacitación persoal para empregar o castelán na actividade docente.



#### Capacitación persoal para empregar outra lingua na actividade docente.



### Disposición persoal para facer cursos de reciclaxe e actualización, co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada.

